



COPA GALICIA

BILLAR A 3 BANDAS

TEMPADA 2025-2026



NORMATIVA DE XOGO

1. En caso de coincidencia de datas en partidos de Liga Nacional e Copa Galicia, estes últimos xogarán o encontro o domingo inmediatamente posterior, salvo acordo entre os implicados, pero sempre antes da seguinte xornada.
2. Os Clubs deberán dispoñer, como mínimo de dúas mesas.
3. Os Clubs que non dispoñan de mesas, deberán enviar á Federación una autorización do Club que lle vaia ceder as mesas para poder disputar os encontros.
4. Os Clubs poderán FICHAR xogadores doutros Clubs para completar os seus equipos..
5. Os clubs enviarán á Federación a lista de xogadores cos que vaian participar, antes da confección do calendario de xogo.
6. Unha vez comezada a Copa Galicia, permitirase incluír máis xogadores na lista dos Clubs, sempre antes da data de comezo da segunda volta e respectando o punto 11 de presente REGULAMENTO.
7. Os equipos estarán formados por 4 dos xogadores que figuren na súa lista.
8. Dos xogadores que vaian disputar o encontro, polo menos dous deles deberán tes dilixenciada a súa licencia por parte do club titular do equipo.
9. A lista de forza para cada encontro confeccionarase poñendo os 4 xogadores que vaian confeccionar o equipo do encontro por orde de acordo coa lista de forza do equipo establecida a principio de tempada.
10. Os xogadores que figuren na lista dun equipo, non poderán participar en ningún outro equipo durante a tempada.
11. Será requisito obrigado para disputar un encontro que o equipo presente polo menos a 3 xogadores dos 4 que compoñen o equipo.
12. En caso de que un equipo se presente só con 3 xogadores, quedará exento o 4º xogador.
13. Os puntos parciais do partido non xogado como consecuencia das incomparecencias anteriormente citadas, se lle outorgarán o equipo correctamente presentado.
14. As xornadas de xogo, celebraranse o sábado salvo en casos excepcionais e de acordo con calendario establecido. A hora oficial de comezo do encontro será as 16 horas.
15. Se algún equipo vese obrigado a aprazar un encontro (sempre por causa de forza maior), terá que avisar ó equipo contrario e á Federación con polo menos 48 horas de antelación.
16. En caso de aprazamento dun encontro, este se tratará de celebrar, de ser posible dentro dos oito días seguintes. Antes de comezar a segunda volta, deberán estear xogados tódolos encontros da primeira.
17. Os equipos deberán estar, polo menos, con 15 minutos de antelación no local de xogo para poder efectuar os quecementos para poder comezar o encontro á hora fixada.
18. As arbitaxes correrán a cargo do Club que xogue na casa.
19. Non será necesario levar acta dos partidos individuais.
20. A puntuación dos partidos será de 2 por gañar e 1 por empatar.
21. A puntuación por encontro de cara a clasificación final será de 3 puntos por encontro gañado, 1 por empatado e 0 por encontro perdido.
22. Todo equipo que non se presente a UN encontro ou se presente con menos de tres xogadores, será sancionado coa perda dos 8 puntos en xogo, que se lle anotarán ó equipo co que se tiña que enfrontar.
23. A falta de presentación a DOUS encontros, dará lugar á exclusión da competición (anulándose tódolos encontros que houberse disputado), perdendo a Fianza depositada, así como calquera tipo de concepto.



COPA GALICIA

BILLAR A 3 BANDAS

TEMPADA 2025-2026



24. O sistema de xogo poderá ser por grupos en función do número de inscritos.
25. A Federación poderá fixar os horarios nas últimas dúas xornadas no caso de que haxa enfrontamentos con equipos directamente implicados na loita por posición relevantes na clasificación.
26. O envío da acta do encontro será responsabilidade do equipo local e se deberá enviar o antes posible unha vez finalizado o encontro á dirección direccion.deportiva@fegabi.es.
27. As listas de forza se farán respetando a orde da clasificación por promedios da pasada edición da Copa Galicia, puidendo intercambiar xogadores entre eles sempre e cando non haxa unha diferenza maior de 0.100 de promedio xeral. Os xogadores que non xogasen un mínimo de dous partidos a pasada tempada, deberán ir nos últimos postos da lista de forza.

FASE FINAL

Celebrarase por concentración nun local.

Nos partidos de semifinais, enfrontarase os campións de grupo contra os segundos clasificados do grupo contrario. A orde dos partidos de semifinais sortearase antes do comezo da competición, polo que os equipos participantes deberán presentarse no local de xogo ás 10:15 horas para devandito sorteo.

Os partidos disputaranse a 40 carambolas, co límite de 50 entradas.

- Semifinais: Ás 10:30 e 12:30 horas
- Final: Ás 17,00 horas

Os partidos serán arbitrados polos equipos que non estean a xogar, polo que cada equipo deberá aportar nos partidos un mínimo de 2 árbitros. A final será arbitrada polos xogadores dos equipos perdedores dos partidos de semifinais, polo que deberán quedar como mínimo 2 xogadores dos equipos que perderan as semifinais para arbitrar a final.

Os partidos poderán deterse no caso de que o vencedor do encontro xa estea decidido (caso de que un equipo xa consiga os 5 puntos que o fagan vencedor do encontro ou que no caso de empate, xa non sexa posible que o contrario o supere en promedio xeral).